Acta da sesión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, do día 5 de xullo de 2024

[JCCP/MCVR]

Na sala de comisións "Concepción Arenal" do pazo Parlamento de Galicia reúnese a **Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos,** o día **5 de xullo de 2024, ás 10:30 horas,** logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:
Noa Olalla Presas Bergantiños
(Presidenta)
Gonzalo Trenor López
(Vicepresidente)
Manuel Santos Costa
(Secretario)
Vogais:
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Victor Manuel Baladrón Lamas
(en substitución de Juan Manuel Casares Gándara)
Miguel Fidalgo Iglesias
Julio García Comesaña
Patricia García González
Argimiro Marnotes Fernández
(en substitución de Noelia Pérez López)
Paula Mouzo Mas
(en substitución de José Alberto Pazos Couñago)
Cristina Sanz Arias
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):
Ramón Tomás Fernández Alfonzo
Rosana Pérez Fernández
Mercedes Queixas Zas
(en substitución de Óscar Insua Lema)
Brais Ruanova Vilas-Boas
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):
María Elena Espinosa Mangana
Patricia Iglesias Rey
Outros asistentes:
Angel Rodríguez Conde (P)

Comparecentes:
Directora da Axencia Tributaria de Galicia
Secretario xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético

Letrado:
Juan Carlos Caride Puente

.../...

PARLAMENTO DE GALICIA

A señora presidenta abre a sesión e rógalle ao señor vicepresidente que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución, así como as posibles substitucións. Logo da constatación deste, éntrase no desenvolvemento da orde do día obxecto desta sesión.

Punto 1. Elección da Secretaría da Comisión
(12/CEEM-000029)

A señora presidenta informa do procedemento a seguir para a elección da Secretaría desta comisión: nas papeletas -xa distribuídas polos Servizos da Cámara- débese escribir un só nome; o chamamento efectuarase por orde alfabética e resultará elixido/a secretario/a a persoa que obteña a maioría absoluta de votos (artigos 41, 36.1 e 91.1.2.ª do Regulamento do Parlamento de Galicia).

Por conseguinte, solicita do señor vicepresidente da Comisión que inicie o chamamento das deputadas e deputados. Unha vez rematada a votación o resultado do escrutinio é o que se reflicte a seguir:

Manuel Santos Costa ..... 9 votos
En branco ..... 7 votos
Total de votos emitidos ..... 16 votos

En consecuencia, queda elixido secretario da Comisión **Manuel Santos Costa, do G.P. Popular de Galicia**, que se incorpora á Mesa da Comisión.

A señora presidenta abandona o seu posto na Mesa da Comisión e pasa a ocupar un escano co seu grupo parlamentario, de acordo co establecido no artigo 82 do Regulamento do Parlamento, pasando a ocupar a Presidencia o señor vicepresidente.

Punto 2. Comparecencia

2.1 6223 (12/CPC-000006)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Solicitude de comparecencia da directora da Axencia Tributaria de Galicia, por petición propia, para dar conta, na Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, do Informe da actividade levada a cabo por esta dirección ao longo do ano 2023
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 43f1, do 26.06.2024

O señor vicepresidente, despois de darlle a benvida á directora da Axencia Tributaria de Galicia-ATRIGA, Sonia Lafont Sendino, explica que a sesión consistirá nunha primeira intervención da comparecente, por un tempo de 30 minutos; seguida dunha rolda dos representantes dos grupos parlamentarios, por un tempo de 10 minutos cada un, e pechará o debate a comparecente por un tempo de 15 minutos.

PARLAMENTO DE GALICIA

Xa que logo, a Presidencia concédelle a palabra á **señora directora da Axencia Tributaria de Galicia-ATRIGA (Consellería de Facenda e Administración Pública), Sonia Lafont Sendino**, que pasa a informar da actividade levada a cabo por esta dirección ao longo do ano 2023.

Deseguido ábrese unha rolda de grupos parlamentarios, na que fan uso da palabra **as señoras: Iglesias Rey (S), Presas Bergantiños (BNG) e Sanz Arías (P),** as cales pasan a expoñer diferentes preguntas e observacións sobre a información recibida.

Ao remate das anteriores intervencións a Presidencia concédelle novamente a palabra a **señora directora da Axencia Tributaria de Galicia-ATRIGA, Sonia Lafont Sendino**, que pecha o debate da comparecencia contestando ás cuestións e consideracións formuladas.

A Presidencia agradece a presenza e colaboración da señora Lafont Sendino cos traballos desta Comisión e desculpa a súa ausencia da mesma, dado que non ten máis preguntas ás que teña que dar resposta.

Punto 3. Pregunta

3.1 1320 (12/POC-000204)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Iglesias Rey, Patricia e Espinosa Mangana, María Elena
Sobre o balance do traballo desenvolvido pola Sociedade Impulsa Galicia, o tipo de controis xurídicos e económico-financeiros da sociedade, a cabida dos seus proxectos nos PERTE do Estado, así como sobre o papel que lle outorga á Administración local e a súa relación coa Sociedade Recursos de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 13f3, do 18.04.2024

A Presidencia concédelle a palabra á **señora Iglesias Rey (S),** que pasa a expoñer as razóns nas que se basean as cuestións que figuran na súa iniciativa e que aparecen publicadas no BOPG anteriormente citado.

Para a súa resposta intervén por parte da Xunta de Galicia o **señor director xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético (Consellería de Economía e Industria), Nicolás Vázquez Iglesias.**

Na rolda de réplica a **señora Iglesias Rey (S)**, logo de agradecer a información aportada polo señor director xeral, reitérase nalgunhas das cuestións xa expostas por considerar que non foron contestadas.

Péchase o debate desta pregunta cunha nova intervención do **señor director xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético, Nicolás Vázquez Iglesias,** que reitera e amplía o manifestado na súa intervención inmediatamente anterior.

PARLAMENTO DE GALICIA

A Presidencia agradece a presenza do señor Fernández Vila nesta sesión da Comisión e desculpa a súa ausencia da mesma, dado que non ten máis preguntas ás que teña que dar resposta.

Punto 4. Proposición non de lei

4.1 6238 (12/PNC-000751)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Alfonzo, Ramón Tomás e 4 máis
Sobre a demanda dirixida polo Parlamento galego á Xunta de Galicia en relación co conflito xerado entre a dirección do grupo empresarial Inditex e as dependentas das tendas da provincia da Coruña
Publicación iniciativa carácter urxencia, BOPG n.º 43f1, do 26.06.2024

A Presidencia comunica que a esta proposición non de lei o G.P. dos Socialista de Galicia presentou unha emenda de supresión e outra de modificación (documento número 6674), da que obvia a súa lectura dado que se remitiu aos membros da comisión.

Deseguido concédelle a palabra ao **señor Fernández Alfonzo (BNG),** quen expón os motivos nos que se basea esta proposición non de lei ampliando os que se conteñen na súa publicación no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.

Na rolda do grupo parlamentario emendante a **señora Iglesias Rey (S)**, expón as súas argumentacións a respecto da proposta formulada e amosa os motivos polos que o seu grupo presentou esta emenda, que espera se teña en conta polo grupo propoñente.

Na rolda do grupo parlamentario non emendante a **señora García González (P**), deixan constancia das súas argumentacións e desacordo coa devandita proposta, anunciando o rexeitamento do seu grupo á mesma.

Na rolda de puntualizacións e posicionamento sobre a emenda defendida o **señor Fernández Alfonzo (BNG),** critica as argumentacións das voceiras que o precederon no uso da palabra e reitérase na defensa da súa proposta nos termos en que está presentada, polo que non acepta a emenda do G.P. dos Socialistas de Galicia.

Rematado o debate, a Presidencia procede á votación da proposición non de lei:

4.1 6238 (12/PNC-000751), do **G.P. do Bloque Nacionalista Galego**. Sometido a votación o texto resolutivo orixinal, resulta **rexeitado** por:

Votos a favor:..... 4 (G.P. BNG)
Votos en contra: ..... 9 (G.P. P)
Abstencións: ..... 2 (G.P. S)

PARLAMENTO DE GALICIA

Non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia agradece a todos o seu traballo e levanta a sesión.

Remata a sesión ás 12:50 horas.

(Achégaselle a esta acta como anexo a transcrición literal do punto segundo da orde do día.)

Noa Presas Bergantiños

Firmado digitalmente por Noa Presas Bergantiños
Fecha: 2024.09.24 11:26:15 +02'00'

Vº. e pr.
Noa Olalla Presas Bergantiños
Presidenta da Comisión

Manuel Santos Costa

Manuel Santos Costa,
Secretario da Comisión

Firmado digitalmente por Manuel Santos Costa
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Manuel Santos Costa, email=manuel.santos.costa@parlamentodegalicia.gal
Fecha: 2024.09.24 10:24:38 +02'00'